MERCEDES TELLA COMAS(1868-1934)



ANA ROMERO MASIÁ

SINOPSE

Mercedes Tella foi un referente destacado na vida da cidade durante o primeiro terzo do século XX e co seu traballo e actividade deu o mellor exemplo da reivindicación do papel que a muller debía ter na sociedade. Podería ter un posto merecido na historia da Coruña con so realizar o traballo docente e de Dirección da Escola Normal durante máis de 20 anos, pero non se conformou con iso senón que redobrou o seu traballo e esforzo demostrando que as mulleres podían e debían estar presentes e actuando de forma activa na vida cultural, científica e social, sen esquecer a colaboración na atención á infancia fóra das aulas ou aos presos nos cárceres.

Admiradora de Concepción Arenal, estreita colaboradora de Manuel Casás, de pensamento conservador e católico, non dubidou en defender valores progresistas en educación como a defensa da coeducación ou o papel que debían ter os libros e os xogos na educación da infancia, o que lle permitiu ser unha das más destacadas renovadoras da pedagoxía das Escolas Normais en Galicia no primeiro terzo do século XX.

Mercedes Tella Comas, da que só se publicaran até o momento breves perfís biográficos elaborados con datos fragmentarios, é unha das afortunadas coruñesas que Ana Romero Masiá elixiu para lle dedicar todo o seu bo facer, toda a súa entrega e talento, coa finalidade de nos ofrecer esta máis que completa monografía. Tella saltou do século XIX ao XX, cunha bagaxe de coñecementos e experiencias pouco común nas mulleres do seu tempo, e atravesou tres décadas do XX para se converter, xunto con outras compañeiras de oficio, nunha das artífices das transformacións das Escolas Normais no primeiro terzo do século. Ao longo das páxinas deste sólido ensaio, a autora recupera a vida e obra dunha mestra —que non foi anónima porque en vida gozou de gran recoñecemento público— e faino de forma exhaustiva e documentada. Nada escapa á pescuda perseverante, á ollada atenta de Ana Romero, investigadora moi rigorosa, do que xa deu mostras na súa extensa bibliografía. Por cinxírmono...

Editora	BAIA EDICIONS S.L.
Materia	ENSAIO
Colección	BAIA ENSAIO
EAN	9788499953861
Estado	Disponible
Encadernación	Tapa blanda
Páxinas	239
Tamaño	230x160x20 mm.
Peso	3850
Prezo (Imp.inc.)	21,00€
Idioma	Galego
Data de lanzamento	10/02/2022

Títulos relacionados



RAFAEL DIESTE. A FRANQUEZA E O MISTERIO
FDEZ. COSTAS, X.M. E RABUNHAL CORGO, H.



AS MULLERES NA FILOSOFIA
INES FERNANDEZ BUJAN



AS MULLERES NAS MATEMATICAS
MATILDE RIOS FACHAL



AS CREBAS.OUTRO XEITO DE ANDAR AO MAR
FRANCISCO FERNANDEZ,MARIBEL LONGUEIRA